

Mércores, 7 de febreiro de 2018

Núm. 27

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SILLEDA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

CORRECCIÓN DE ERROS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E POLO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DE SILLEDA

EDICTO

Corrección de errores a Ordenanza Reguladora da Taxa por Abastecemento e Saneamento de Auga publicada no BOP de 29 de Decembro de 2017.

O Pleno da Corporación celebrado o día 8 de Novembro de 2017 aprobou provisionalmente a modificación da vixente Ordenanza Fiscal seguinte: ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA. A modificación consiste no cambio do cadro de prezos das distintas categorías de subministro e na aprobación dunha nova Ordenanza que substitúe a anterior, que se expuxo ao público, a partires do 16 Novembro de 2017, BOP nº 220, dentro do cal non se presentaron reclamacións ou suxerencias, elevándose a definitiva e publicándose no BOP, nº 248, de 29 de Decembro de 2017 a Ordenanza íntegra, de acordo co disposto nos arts. 17 do RDL 2/2004 e 49 la Lei 7/85 .

— Diante dun erro producido por “saltos de páxina” do texto orixinal, se publica esta Corrección de Erros segundo segue:

Art. 6º, na versión publicada:

1º. Omite ao final do apartado 4.2

* Esta cota refírese á verificación e desprecintado en caso de instalación polo aboad e ao restablecemento do servizo de subministro de auga cando non se teña producido a extinción do contrato.

C) Os custos correspondentes as taxas de alta, serán os indicados a continuación:

- Taxas alta abastecemento: 120 €.
- Taxas alta saneamento: 85 €.

2º Duplica en su apartado 4.1 la tasa por abastecimiento y alcantarillado, omitindo a depuración.

Igualmente se volve a publicar o Texto íntegro da Ordenanza.

SILLEDA a 29 de Xaneiro do 2.018.—O ALCALDE, Manuel Cuiña Fernandez.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:OSCCINPBSRN113EB



Mércores, 7 de febreiro de 2018

Núm. 27

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA,
SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS****ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20.4 r) do RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, que atende ó previsto no artigo 57 da citada norma legal.

ARTIGO 2º.—SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos da taxa por abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria, que soliciten a prestación do servizo ou sexan usuarias deste en virtude de calquera título.

2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios dos inmobles afectados que poderán repercutir as cotas, de ser o caso, nos respectivos usuarios.

3. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria que sexan:

a) Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.

b) No caso de prestación de servizos de depuración, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarias de ditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

4. En todo caso, terán a consideración de suxeito pasivo, substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles que, de ser o caso, poderán repercutir as cotas pagadas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

ARTIGO 3º.—RESPONSABLES

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e seguintes da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>

Código seguro de verificación:05CC1NPBSRN13EB



Mércores, 7 de febreiro de 2018

Núm. 27

ARTIGO 4º.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de suministro de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais polo concello de Silleda, calquera que sexa a modalidade de réxime de xestión, que se concreta nas seguintes prestacións:

1.—Para os efectos de aplicar a taxa distínguese os seguintes tipos de consumo:

a) Usos domésticos: son os que atenden as necesidades vitais, tales como bebida, preparación de alimentos, limpeza, aseo, etc.

b) Usos comerciais: son aqueles nos que a auga utilizase para o acondicionamento, limpeza ou hixiene en establecementos profesionais, comerciais ou de servizos.

c) Usos industriais: son aqueles nos que auga se emprega como motor ou como axente mecánico ou químico, e nos que se verifica a transformación en vapor, xeo, bebidas carbónicas, etc.

d) Usos hosteleiros: Son aqueles rexistrados en locais con actividades económicas, licenza de apertura ou declaración responsable da actividade acorde co servizo hosteleiro.

e) Usos gandeiros: son os destinados a actividades agrícolas e explotacións gandeiras.

2.—O servizo de verificación e despescindado, mantemento e conservación de contadores , de acordo co previsto no regulamento do servizo.

3.—Execución de acometidas de suministro de auga e saneamento, e instalación de contador.

ARTIGO 5º.—BASE IMPOÑIBLE

A base impoñible da taxa regulada nesta ordenanza estará constituída:

- Para o feito impoñible sinalado no artigo 4.1 desta ordenanza, polo consumo de auga medido en metros cúbicos.
- Para o feito impoñible sinalado no artigo 4.3 desta ordenanza, pola lonxitude da acometida que excede dos cinco metros, sen prexuízo da esixencia adicional dunha cota polos cinco primeiros metros, de acordo co sinalado no artigo seguinte.

No resto dos feitos impoñibles sinalados no artigo 4 desta ordenanza, a cota tributaria será determinada por aplicación do disposto no seguinte artigo desta ordenanza.

ARTIGO 6º.—COTA TRIBUTARIA

1. A cota tributaria establecerase de acordo co seguinte:

Podrás verificar la integridad de este documento en el siguiente enlace:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:05CC1NBRSRN113EB



Mércores, 7 de febreiro de 2018

Núm. 27

A) Para os feitos imoñibles sinalados no artigo 4.1:

SERVIZO DE ABASTECIMENTO				
DOMESTICO	Mínimo 10 m3/abo.mes	0,38 Eur/m3	Excesos	0,64 Eur/m3.
COMERCIAL	Mínimo 10 m3/abo.mes	0,38 Eur/m3	Excesos	0,64 Eur/m3.
HOSTELERIA	Mínimo 20 m3/abo.mes	0,38 Eur/m3	Excesos	0,64 Eur/m3.
INDUSTRIAL	Mínimo 20 m3/abo.mes	0,38 Eur/m3	Excesos	0,64 Eur/m3.
GANDEIRO	Mínimo 20 m3/abo.mes	0,38 Eur/m3	Excesos	0,64 Eur/m3.
SERVIZO DE ALCANTARILLADO				
		0,149 Eur/m3.		

SERVIZO DE DEPURACIÓN				
DOMESTICO	Mínimo 10 m3/abo.mes	0,38 Eur/m3.	Excesos	0,56 Eur/m3.
COMERCIAL	Mínimo 10 m3/abo.mes	0,38 Eur/m3.	Excesos	0,56 Eur/m3.
HOSTELERIA	Mínimo 20 m3/abo.mes	0,42 Eur/m3.	Excesos	0,61 Eur/m3.
INDUSTRIAL	Mínimo 20 m3/abo.mes	0,42 Eur/m3.	Excesos	0,61 Eur/m3.
GANDEIRO	Mínimo 20 m3/abo.mes	0,42 Eur/m3.	Excesos	0,61 Eur/m3.
ABONADOS SIN SERVIZO DE ABASTECIMENTO				
DOMESTICO	Cuota mensual		7,00 Eur/ab.mes	
COMERCIAL	Cuota mensual		7,00 Eur/ab.mes	
HOSTELERIA	Cuota mensual		13,00 Eur/ab.mes	
INDUSTRIAL	Cuota mensual		13,00 Eur/ab.mes	
GANDEIRO	Cuota mensual		15,10 Eur/ab.mes	
ABONADOS CON CONSUMOS EN ABASTECIMENTO DE PROCEDENCIA TOTAL OU PARCIAL DISTINTA Á REDE MUNICIPAL				
	Mínimo	20 m3/abo.mes	0,42 Eur/m3	
	Excesos		0,46233 Eur/m3	

CUOTA DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES E ACOMETIDAS DE ABASTECIMENTO	
Cuota de conservación de contadores	0,2558 Eur/ab./mes
Cuota de conservación de acometidas	0,2558 Eur/ab./mes
CONEXIÓN A REDE DE ABASTECIMENTO E PRECINTADO DE RACORES	16,72 Eur/Ud
TARIFA POR DESPRECINTADO DE CONTADOR	16,72 Eur/Ud

(*) Esta cota refírese á verificación e desprecintado en caso de instalación polo abonado e ao restablecemento do servizo de suministro de auga cando non se teña producido a extinción do contrato.

Para os feitos imoñibles sinalados no artigo 4.2, pola aplicación dos seguintes importes:

CUOTA DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES E ACOMETIDAS DE ABASTECIMENTO	
Cuota de conservación de contadores	0,2558 Eur/ab./mes
Cuota de conservación de acometidas	0,2558 Eur/ab./mes
CONEXIÓN A REDE DE ABASTECIMENTO E PRECINTADO DE RACORES	16,72 Eur/Ud
TARIFA POR DESPRECINTADO DE CONTADOR	16,72 Eur/Ud

(*) Esta cota refírese á verificación e desprecintado en caso de instalación polo abonado e ao restablecemento do servizo de suministro de auga cando non se teña producido a extinción do contrato.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endrezo:

<https://sede.depo.es/verificacion-ovv>
Código seguro de verificación:05CC1INFBSRN13EB



Mércores, 7 de febreiro de 2018

Núm. 27

C) Os custos correspondentes as taxas de alta, serán os indicados a continuación:

- Taxas alta abastecemento: 120 Eur
- Taxas alta saneamento: 85 Eur.

D) Para os feitos imoñibles sinalados no artigo 4.3, pola aplicación dos seguintes importes

INSTALACIÓN DE CONTADOR (Ø13/15/20 mm) EN BATERIA OU SIMILAR				
13 mm.		69,83 Eur/Ud.		
15 mm.		76,71 Eur/Ud.		
20 mm.		103,13 Eur/Ud.		
SERVIZO DE ABASTECEMENTO				
Acometidas de abastecemento	Ø Acometida	TERRA (A)	ASFALTO (B)	ACERA (C)
	3/4"	176,44	227,1	270,46
(Cálculo para acometida normal de 5,00 m de lonxitude máxima)	1"	191,98	242,28	285,12
	1 ½"	230,96	281,79	324,62
	2"	274,96	324,62	367,99
Acometidas de abastecemento	Acometida >5m.	3/4"	1"	1 ½"
	(A)	8,6	10,1	14,4
(Acometidas superiores a 5,00 m)	(B)	18,96	20,45	24,76
	(C)	22,82	24,23	28,53
SERVIZO DE SAENAMENTO				
Ud. Acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubería de PVC Ø160/5 atm., incluída excavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a colector existente, para unha lonxitude máxima de 5m.				
ZANXA DE TERRA		328,21 Eur/Ud.		
ZANXA DE ASFALTO		348,49 Eur/Ud.		
ZANXA DE ACERA		418,86 Eur/Ud.		

ARTIGO 7º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se concederán outras exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 8º.—DEVENGO

A presente taxa devengarase desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, previa a correspondente solicitude, ou desde que se utilice este sen ter obtido previamente a licenza.

Terá consideración de último día de devengo aquel no que se formalice a baixa.

ARTIGO 9º.—PERÍODOS IMPOSITIVOS

O período impositivo para os vencementos periódicos será trimestral.

Mércores, 7 de febreiro de 2018

Núm. 27

ARTIGO 10º.—NORMAS DE XESTIÓN

1. Toda autorización para gozar do servizo de augas levará aparellada a obriga de subscibir un contrato de subministro, instalar o contador -nos inmobles será particular para cada vivenda-, que deberá ser colocado en sitio visible e de fácil acceso que permita a clara lectura do consumo que marque. A sinatura do contrato de subministro dará lugar a inclusión no censo correspondente. Os abonados deberán de presentar no momento da solicitude o recibo de IBI e do LIXO do inmoble, ou o xustificante de habelos solicitado.

2. A autorización será intransferible e concederase para un domicilio ou obra determinada e, en caso de traslado, o usuario deberá facer un novo contrato e pagar a taxa de enganche ou desprecintado.

3. O abastecemento de augas potables deste concello é un servicio municipal de conformidade coas prescricións vixentes, explotándose por conta e en beneficio do concello.

4. Sen embargo, os manantiais e aproveitamentos de augas potables das que veñen surtíndose os particulares, respectaranse por agora, sen prexuízo da municipalización, se se acordase.

5. A auga subministrarase mediante contador, que medirá en volumes de cantidad consumida, que será a que o abonado deberá pagar segundo as tarifas desta ordenanza, partindo dun mínimo igual para todos os usuarios.

6. As solicitudes de conexión á rede xeral de abastecemento de auga potable dirixiranse á Alcaldía e, unha vez informadas polos técnicos municipais serán autorizadas pola Alcaldía ou delegado do servizo, sendo de conta do solicitante o importe dos materiais, as obras de apertura e recheo de zanxas, colocación da tubería e arqueta de rexistro. Todo isto baixo a inspección do encargado do servizo.

7. Se o caudal das augas experimentase variacións por razóns climatolóxicas, avarías ou outras de forza maior, esta circunstancia non dará dereito ós usuarios ou abonados para reclamar ningunha cantidad.

8. Cando o usuario se ausente temporalmente do domicilio poderá solicitar o precintado do contador e neste caso non se lle pasará recibo pero, cando deseñe facer uso da auga de novo deberá solicitar do concello o desprecintado do contador e abonar a cota estipulada.

9. O percibo desta taxa efectuarase mediante recibo. A lectura do contador, facturación e cobro efectuarase cada tres meses.

10. As cotas liquidadas e non cobradas ó seu debido tempo serán feitas efectivas polo procedemento de constrinximento con arranxo ás normas do réxime xeral de recadación.

ARTIGO 11º.—INFRACCIONES E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lle correspondan a estas en cada caso, estarase ó disposto na Lei xeral tributaria.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endrezo:

<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación: 05CC1NPBSRN13EB



Mércores, 7 de febreiro de 2018

Núm. 27

1. O abonado que empregue a auga para usos distintos de aqueles para os que lle foi concedida (regadíos, etc.), a transporte a outro lugar ou a ceda a terceiras persoas pagará unha sanción equivalente ó dobre do prezo que tería que satisfacer polo consumo mensual segundo contador e perderá, automaticamente, o dereito da concesión, sen prexuízo de esixirlle, ademais, as responsabilidades que procedan en dereito.

2. Por outra banda, a falta de pagamento do recibo trimestral levará consigo a suspensión automática do subministro de auga, previo aviso ó usuario.

3. Igualmente, será suspendido o servizo no caso de que fose negada a entrada no domicilio ó funcionario municipal encargado das visitas de inspección.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:
<https://sede.depo.es/verificacion-estv>
Código seguro de verificación: OSC1NPBSRN13EB

